Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo

correspondente á sesión ordinaria celebrada o
mércores 13 outubro de 2010

Iniciouse a sesión ás 11:00 do día 13 de outubro do 2010 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

> Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG); Xosé Antón Vila (CIG); Luis Anido Rifón (CIG); María Vera Isasa (AGPTU); Manuel Ramos Cabrer (UXT); Manuela Raposo Rivas (UXT).
>
> Desculpan a ausencia Xavier Simón Fernández (CIG); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU) e Rafael Durán Barbosa (CCOO).

Trátanse os seguintes puntos de acordo coa orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. Aprobouse por asentimento a acta da sesión de 18 de maio de 2010.

2. Informe do Presidente. O presidente informou sobre a mesa de negociación, sobre o concurso de promoción e sobre a reunión co Reitor. En canto a esta, o Presidente pediulle ao Reitor que se constituíse a Mesa de Negociación, que se buscase un reequilibrio nos cadros de persoal dos distintos departamentos e das distintas áreas, que as pagas extras fosen íntegras, e que as enquisas dos alumnos non tivesen un valor punitivo.

3. Nomeamento de representante sindical no Consello de Goberno. Aprobouse por unanimidade mandarlle o seguinte escrito á Secretaría Xeral:

> A Xunta de PDI-F acordou por unanimidade o 13 de outubro de 2010 que o representante sindical de PDI no Consello de Goberno sexa un membro de UXT. Nesta mesma reunión acordouse que o representante desta central sindical en Consello de Goberno sexa José Bienvenido Díez Ferrer (UXT-L).
>
> A Xunta de PDI-F espera que o representante elixido manteña ás centrais sindicais representadas nela informadas dos asuntos que se tratarán nos Consellos de Goberno.

4. Rogos e preguntas. Non houbo.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 11:20 horas.

Vigo, 13 de outubro de 2010

O Secretario

Asdo. Xavier Roca

O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso